II DUBRA TRAIL

Concello de Val do Dubra

O clube **Dubra Team** organizará, coa colaboración do Concello de Val do Dubra, o domingo 3 de xuño a segunda edición do TRAIL de Montaña Dubra Trail. As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuices da FGA.

As probas rexiranse polo seguinte

REGULAMENTO XERAL

1) Haberá 2 modalidades de competición e unha **ANDAINA POPULAR**. O horario e distancias das probas serán os seguintes:

HORA	PROBA	DISTANCIA
09.30 h	TRAIL LONGO	25 km aprox.
09.30 h	ANDAINDA POPULAR	14 km aprox.
10.15 h	TRAIL CURTO	15 km aprox.

2) PARTICIPACIÓN:

Nas probas de Trail Longo e Trail Curto poderá participar calquer persona de 18 anos ou superiores cumpridos o día da proba. Na ANDAINA popular poderán facelo a partir de 16 anos cumpridos o día da proba.

3) CATEGORÍAS:

Estableceranse as seguintes categorías de competición en ambos trails (Longo e Curto):

- ABSOLUTOS/AS: de 18 anos cumpridos o día da proba e superiores;
- MASTER MASC/FMNO: de 40 anos cumpridos o día da proba e superiores.

4) PUNTO DE SAÍDA E META E PERCORRIDO DAS PROBAS:

As probas sairán desde o Campo de **Fútbol da Tilleira**, na localidade de Bembibre. Ese punto será tamén punto de meta das mesmas. As probas discurrirán por camiños e sendas de monte na maior parte do percorrido.

Ubicación punto de Saída / Meta.

Ligazón: (https://www.google.es/maps/search/campo+de+f%C3%BAtbol+de+Val+do+Dubra/@43.0207994,-8.6571143,17z/data=!3m1!4b1)

A ruta curta e a andaina popular empregarán un percorrido común que discurrirá pola Ruta da **Fervenza do Rexedoiro PR-G202**.

5) INSCRICIÓNS:

As inscricións poderán realizarse na páxina web www.emesports.es segundo os seguintes prazos e prezos:

PROBA	PREZO	PRAZO
TRAIL LONGO	**18 €**	**Do 03/05 ó 30/05 ás 23.59 h**
TRAIL CURTO	**15 €**	**Do 03/05 ó 30/05 ás 23.59 h**
ANDAINA	**10 €**	**Do 03/05 ó 30/05 ás 23.59 h**

Calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición poderán consultala no tf 654 285 692 ou no em@il de oganización dubrateam@outlook.es

6) AVITUALLAMENTOS:

Estableceranse 3 puntos de avituallamento líquidos e sólidos na ruta longa, 2 na ruta curta e na Andaina distribuidos do seguinte xeito:

- **RUTA LONGA**: KM 8, KM 16 e META.
- **RUTA CURTA**: KM 8 e META.
- **ANDAINA**: KM 8 e META.

Recoméndase levar mochila de hidratación ou hidratación propia na proba. A organización só habilitará os puntos de avituallamento indicados no presente reglamento non sendo esto motivo de reclamación.

7) DUCHAS E VESTIARIOS:

Haberá servizo de duchas e vestiarios a disposición dos atletas no Campo de Fútbol Municipal (lugar de saída e meta das probas).

8) AGASALLO TÉCNICO PARTICIPANTES:

Todos os participantes que se inscriban nos prazos de inscrición mencionados anteriormente recibirán un agasallo de organización pola súa participación no Dubra Trail.

9) **TROFEOS E PREMIACIÓN:**

Ao remate das probas realizarase a entrega de premios (aproximadamente as 13:30 horas). Na mesma entregaranse os seguintes trofeos:

- 3 primeiros/as clasificados/as absolutos das rutas longa e curta.
- 1º e 1ª corredor/a local do trail longo e do trail curto.
- 3 primeiros/as clasificados/as da categoría MASTER MASC/FMNO das rutas longa e curta.
- 3 clubes que aporten máis participantes á todas as probas (cómputos xeral de ambas rutas).

Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún participante poderá levar 2 trofeos(agás os premios a atletas locais)

10) Todos os corredores estarán cubertos por un seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil obrigatorio. A organización disporá dos servicios sanitarios obrigatorios por ley.

11) Todo o non recollido no presente regulamento resolverase a criterio da organización.

Máis información en:

www.emesports.es

www.carreirasgalegas.com

www.atletismo.gal

dubrateam@outlook.es

www.correrengalicia.es

http://valdodubra.gal/

https://www.facebook.com/DUBRA-TEAM-117373061665512/

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña